

# A CULTURA É UN DEREITO

.....  
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS  
.....

**XXIII XORNADA:**

**RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA**

# **SERGIO COMESAÑA**

# **(NEGRO SATURNO)**

Negro Saturno é unha iniciativa cultural que nace en Vigo a finais de 2023 coa intención de propoñer alternativas a un panorama, o da música, teatro, performance, cómic e outras expresións artísticas, que, entendemos, non chega a todas as expresións, sendo, por momentos, cada vez máis limitado. Centrándose na música máis escura e arriscada e calquera manifestación artística ao redor deste movemento, desde o romanticismo e cun forte sentimento de comunidade, o obxectivo de Negro Saturno é o de ofrecer un lugar de encontro para todos aqueles que se saen da norma, que sentan identificados coa actividade de Negro Saturno.

Colaboran con diferentes salas de música e culturais da cidade de Vigo; A Fábrica de Chocolate Club, Radar Estudios, Galería Maraca e Sala Kominsky, ofrecendo desde 2024 unha programación de concertos e actos coidada e en constante progresión, traballando de igual modo con músicos locais emerxentes, artistas nacionais e con bandas internacionais máis consolidadas.

Conectar artistas coa nosa audiencia, organizando eventos que xeren un importante valor cultural na cidade de Vigo e en Galicia.